



BASES DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA A ADXUDICACIÓN DOS PERMISOS PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA A TEMPADA 2021

Valdoviño conta cunha ordenanza reguladora de uso das praias na que segundo o artigo 7 a realización de calquera tipo de actividade deberá dispor da preceptiva autorización municipal.

As actividades deportivas e turísticas na praia, coma a práctica dos deportes acuáticos, vincúlase á necesidade de manter a seguridade así coma garantir o uso libre e gratuítu.

Nos últimos anos o desenvolvemento dos deportes vinculados á praia, en especial o surf, teñen unha forte repercusión e incidencia nas nosas praias

Porén o Concello de Valdoviño debe de regular a ocupación da propia praia para que a incidencia sobre o baño libre e a seguridade sexan ás máis axeitadas.

A autorización emitida polo Concello de Valdoviño para as actividades formativas da disciplina deportiva do surf e similares na tempada 2021, será independente da obtención de calquera outra autorización de outros organismos ou Administracións que foran esixibles por razón da actividade.

O Concello de Valdoviño abre a convocatoria adxudicación de actividades de escolas de surf e similares nas praias do Concello. Co fin de garantir un uso seguro e pacífico da praia, límitase a concesión destas autorizacións a un número máximo de 15 autorizacións no termo municipal do Concello de Valdoviño, limitando a un número máximo de 8 autorizacións na Praia de Pantín. Deberáse cumprir coas condicións de seguridade que se determinen por parte de calquera autoridade municipal Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil ou Policía Local. Neste tipo de actividade os titulares deberán subscribir unha póliza de seguros de responsabilidade civil así coma de accidentes con carácter previo á explotación, e deberá estar en vigor durante todo o ámbito temporal da explotación, extremo que acreditarán documentalmente perante o Concello, reservándose igualmente a administración a posibilidade de requirir dita documentación en calquera momento da tempada.

Habendo solicitado o Concello á Demarcación de Costas do Estado en Galicia a xestión conxunta de tódolos areáis do concello deste tipo de servizos de tempada situadas nas zonas de dominio público marítimo terrestre de conformidade co previsto no artigo 53.1 da Lei 22/88, do 28 de xullo, de Costas, procede aperturar o proceso. É polo que, os solicitantes dos servizos de escolas de surf bodyboard, longboard, paddle surf ou similares que resulten seleccionados con arreglo ao establecido nestas bases non obterán dereito de uso sobre dos mesmos en tanto non sexan notificados do acordo polo que se lles declara formalmente adxudicatarios, que será logo da obtención polo Concello do permiso da Demarcación de Costas do Estado en Galicia para a xestión deste tipo de actividades. Unha vez notificados desta adxudicación aos licitadores cobrarán virtualidade as súas obrigas e dereitos.



Valdoviño

1º.- Prazo da autorización.

O prazo da autorización será, previa a autorización da Demarcación de Costas, dende o 1 de febreiro ao 31 de decembro de 2021.

2º.- Superficie de ocupación.

O Concello de Valdoviño poderá por razón de seguridade ubicar nas praias as escolas de surf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares, na zona de auga que se delimite polo Servizo de Salvamento de Socorrismo diariamente na tempada de verán cando se atopa en funcionamento, e en todo caso, fóra da tempada onde funcione este servizo, de acordo co espazo delimitado de ser o caso polos membros do Servizo Municipal de Emerxencias, Protección Civil ou Policía Local.

En todos os casos, a actividade destas escolas non implica o dereito a ocupar un espazo no areal ou auga con carácter excluinte ao resto dos usuarios das praias, e que as actividades a realizar no areal en referencia ao tempo adicado a éstas, deberá de ser residual con relación ao tempo empregado dentro da auga. É polo que as escolas non obteñen dereito ningún á disposición de artefactos na área, senón que a licenza o que lles habilita é a poder realizar as súas clases.

3º.- Canon.

O canon que aboarán as escolas de surf que obteñan o permiso para facer a actividade á Demarcación de Costas para a tempada 2021 é de 200 €/mes por entidade nos meses de xuño a setembro (mínimo dous meses), e no resto de meses do ano será de 50 €/mes. As escolas na súa solicitude indicarán o número de meses nos que solicitan facer a actividade, e no caso de resultar adxudicatarias, aboarán á Demarcación de Costas o canon resultante de multiplicar o número de meses autorizados por 200 € ou por 50 € segundo corresponda (meses de xuño a setembro 200 €, cun mínimo de dous, resto de meses 50 €).

De acordo coas instrucións remitidas pola administración de Costas, nas autorizacións destes servizos de escolas de surf e similares para actividades de carácter non lucrativo convenientemente acreditadas, o canon de ocupación poderá reducirse un 75 por cento sempre que a Federación deportiva correspondente certifique que as respectivas entidades se atopan debidamente inscritas que exercen exclusivamente a actividade náutico-deportiva.

A renuncia a realizar a actividade unha vez adxudicada non será válida nin poderá admitirse pola Administración e implicará a obriga do adxudicatario a aboar o canon ofertado, con independencia de que realice a actividade ou non. No caso de falta de pagamento do canon no prazo sinalado, considerarase débeda coa Administración, que poderá reclamala a través dos medios de execución forzosa legalmente establecidos.



Valdoviño

4º.- Presentación de solicitudes.

Coa finalidade de dar a coñecer entre os posibles interesados a convocatoria das devanditas actividades, procederase a publicar un anuncio nun dos diarios de maior tirada da provincia así como no taboleiro de edictos do concello para que as persoas interesadas podan presentar as súas ofertas. O prazo de presentación de solicitudes finalizará transcorridos 10 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación das bases no DOG.

O importe do anuncio de licitación, será por conta dos adxudicatarios e cobrado entre estes de forma proporcional.

As solicitudes das persoas interesadas irán acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/CIF en vigor da empresa e, no seu caso, DNI en vigor do seu representante legal.
- Acreditación, no seu caso, de ter satisfeito o canon da tempada anterior.
- Certificado de que o solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Certificado de adhesión da escola á federación Española ou Galega de Surf.
- Documentación acreditativa da titulación do profesorado, acorde coa resolución de 7 de febreiro de 2012, da Presidencia do Consello Superior de Deportes, pola que se publica o plan formativo da modalidade deportiva de surf.
- Documentación acreditativa de dispor dun seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros, así como dun seguro de accidentes, de atoparse vixentes no tempo de inicio do período solicitado e xustificante de pago da prima do período en curso.
- No caso de actividades de carácter non lucrativo: a) estatutos da entidade no que quede explicitado dito carácter non lucrativo; b) certificado da Federación Española ou Galega de Surf na que acredite que a entidade está debidamente inscrita e que exerce exclusivamente a actividade náutico-deportiva.
- Certificado de non ter débedas pendentes co Concello de Valdoviño.
- Documentación acreditativa de contar con monitor en salvamento acuático.

5º.- Normas de procedemento para a adxudicación .

Dentro do prazo establecido no apartado anterior, as persoas interesadas poderán presentar súa solicitude segundo o modelo contido como Anexo II destas bases e acompañada da documentación requirida no apartado 4º.



Valdoviño

Os criterios que servirán de base para a adxudicación que deber serán os seguintes:

Criterio de arraigo, Valorarase o vínculo preexistente entre a entidade e o municipio de Valdoviño.

O arraigo entendese determinado polo desenrolo pasado da actividade de ensino ou escola de surf nunha ou varias praias de Valdoviño, existindo constancia de que ditas entidades non son unha iniciativa actual e si unha tradición no concello e que gracias a ela o concello acada a dimensión actual no mundo do surf. Dito arraigo deberá acreditarse por parte de cada solicitante no momento de presentación da solicitude. Poderán aportarse ao efecto licencias ou autorizacións, solicitudes ou instancias administrativas.

-Ter instalación da actividade de xeito permanente no Concello de Valdoviño. Deberá acreditarse por parte de cada solicitante no momento de presentación da solicitude. **45 puntos.**

-Ter experiencia ininterrompida na actividade nas praias do Concello de Valdoviño por un periodo mínimo de 3 anos, que poderá acreditarse ao efecto no momento de presentación da solicitude mediante licencias ou autorizacións, solicitudes ou instancias administrativas. **50 puntos.**

Meses de prestación.- Tendo en conta que se establece un mínimo de prestación de 2 meses de actividade (os de xullo e agosto), así como que existe a posibilidade de solicitar facer a prestación durante outros 9 meses (febreiro, marzo, abril, maio, xuño, setembro, outubro, novembro e decembro), e considerando o feito de que a realización da actividade considerase positiva dende o punto de vista municipal dado que é un servizo que dota de valores engadidos ás praias, outorgarase 5 puntos por cada mes de actividade que sexan solicitados, a partir do 3º mes de prestación, obtendo polo tanto un **máximo 45 puntos** neste apartado.

En todo caso, ningunha escola poderá operar fóra dos meses que pedise no formulario de solicitude, e non será ampliable ese pedimento inicial, debendo circunscribirse aos meses solicitados e que se reflexarán no permiso que se lles conceda.

Plan de explotación.- Valorarase de xeito especial a calidade da prestación do servizo, que comprenderá aspectos tales coma a variedade e novidade das actividades propostas, a incidencia en distintos sectores da poboación, as actuacións baixo programa, a adopción das máximas medidas de seguridade, a repercusión como actividade turística e o respecto polo medio natural na realización das tarefas. Valorarase especificamente dentro deste apartado a redución do ratio monitor alumnos, de xeito que a ratio dun monitor por cada catro alumnos valorase con **5 puntos**. A puntuación máxima a acadar neste apartado será a de **50 puntos**.

Por promoción do deporte.- Valorarase a realización de eventos realizados con independencia da súa natureza nacional, autonómica ou local. Valorarase tamén os cursos impartidos en colexios de Valdoviño e entidades asociativas municipais. Os cursos e eventos deberán ser suficientemente acreditados con información contrastable da súa realización nos últimos tres anos. A puntuación máxima a acadar neste apartado será a de **50 puntos**.



Valdoviño

6º.- Exame de solicitudes e adxudicación de autorizacións.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, por Decreto da Alcaldía convocarase Comisión de valoración, para os efectos de dictaminar as solicitudes recibidas e posterior remisión á Alcaldía dunha proposta de adxudicación. A Comisión de valoración estará formada por:

- PRESIDENTE. Don Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño.
- VOGAIS:
 - Dona Rosa Ana García López, Concellería de Turismo.
 - Don Sergio Saavedra Gutiérrez, Concellería de Deportes.
 - Técnico municipal.
 - Dona Carla Teijeiro Prieto, Personal Eventual.
- SECRETARIA. Dona Carlota González Navarro. Secretaria do Concelio de Valdoviño para dar fe do acto.

A adxudicación da explotación das actividades de escolas de surf, bodyboard, longboard, paddle surf ou similares corresponderá á Alcaldía, atendendo á proposta realizada polo órgano competente e será firme dende a recepción da notificación por quen resulte adxudicatario, sen prexuízo das competencias da administración de Costas, debendo este ter ingresado, no prazo de dez días, na conta que se sinala, todas as cantidades económicas que se deriven da dita adxudicación. Sen este ingreso, non adquirirá firmeza a adxudicación realizada.

7º.- Obrigas dos adxudicatarios.

Sen prexuízo doutras obrigas que neste prego se establecen, os adxudicatarios teñen as seguintes obrigas:

1) Económicas.

-Os candidatos á adxudicación das licenzas non poden ter pendentes débedas co Concello de Valdoviño. O Concello examinará de oficio o cumprimento dese requisito.

-Aboar a través do Concello, á Demarcación de Costas o importe correspondente ao canon de ocupación do dominio público marítimo terrestre que fixe o citado Órgano (200 € por mes nos meses de xuño a setembro e 50 € por mes no resto de meses). Os xustificantes correspondentes serán remitidos á Demarcación de Costas polo Concello para que sirva de constancia no expediente de concesión.

-Aboar o importe correspondente a taxa de exame de proxecto estipulada pola Demarcación de Costas (taxa 066 -Prestación de servizo e realización de actividade na utilización do dominio público marítimo-terrestre). Dito importe dividirase proporcionalmente entre os autorizados.



Valdoviño

2) *Limpeza*. - Con carácter xeral, o adxudicatario deberá ter o contorno do espazo onde realice a súa actividade en perfecto estado de limpeza.

3) *Fiscais*. - Os adxudicatarios, con anterioridade ao inicio da actividade, deberán achegar unha declaración xurada de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas en materia fiscal e de Seguridade Social así como de non estar incursos en causa algunha que lles impida contratar coa administración, de conformidade co previsto na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

4) *Exercicio das licenzas*. - As escolas deberán contar con elementos identificativos de cada unha como son o uso de licras de cores identificativas e nas que se rotule o nome da escola. Deberá diferenciarse tamén o profesorado dos alumnos. A seguridade da escola dependerá da mesma e dadas as características das nosas praias será obrigatorio contar cun monitor con experiencia en salvamento acuático.

5) *Autorización*. - A autorización pola que se permite a actividade de escola nas praias do Concello de Valdoviño, ten carácter condicional e precario, polo que a Corporación, en calquera momento, poderá acordar o rescate se non se cumpren as condicións establecidas, ou ben, por motivos de interese público. Igualmente o incumplimento das condicións e obrigas das entidades adxudicatarias dará lugar a sancións equiparables ás recollidas na Ordenanza reguladora no uso das praias no Concello de Valdoviño.

A autorización estará condicionada as restricións das autoridades sanitarias con motivo da pandemia polo Covid -19.

A autorización non exige de obter as demais licenzas, permisos e autorizacións que legalmente podan ser esixibles.

6) Serán causa de caducidade, parcial ou total, desta autorización, ademais dos casos establecidos, con carácter xeral no artigo 79 da Lei de costas, os seguintes:

- A alteración dos usos autorizados.
- A desatención de dous requirimentos realizados polos distintos servizos municipais de seguridade pública, sexa calquera autoridade municipal, Servicio de Socorrismo Protección Civil ou a Policía Local. Un primeiro requirimento servirá de advertencia, e en todo caso serán compatibles coa esixencia da responsabilidade que corresponda pola comisión de infraccións administrativas que serán castigadas logo da instrución do correspondente procedemento sancionador.
- O feito de ter débedas co Concello de Valdoviño.
- Aumento da ocupación autorizada en mais de un 10%.
- Almacenamento exterior de acopios, materiais ou depósitos de residuos.
- Evacuar ou verter augas sucias e residuos sólidos.
- A instalación de fosas sépticas non autorizadas.



Valdoviño

- Incumprimento das obrigas e condicións desta autorización, así como de calquera das prohibicións establecidas, con carácter xeral, na Lei de costas e no seu regulamento, así coma no Planeamento Urbanístico do Concello de Valdoviño.

7) Cumprimento de normas de seguridade pública

Estas entidades operarán en todo caso seguindo as instrucións que se dispoñan dende Protección Civil, Policía Local ou o servizo de salvamento municipal. Estarán perfectamente identificadas, con licras diferenciadas de cor para cada unha das escolas. Contarán con persoal suficiente para a prestación do servizo e cuidarán de que non se produzan molestias aos demais usuarios das praias. No caso de desatención dos requirimentos que lles faga o persoal de Protección Civil ou Salvamento poderán ser sancionados de acordo coas disposicións da Ordenanza de praias do Concello, e de reproducirse as desatencións serán revocadas as licenzas das escolas incumpridoras. Non se poderán utilizar as duchas da praia para lavar os artefactos de surf ou traxes de neopreno, e similares.



ANEXO II

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A ACTIVIDADE DE ESCOLAS DE SURF E SIMILARES NAS PRAIAS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, TEMPADA 2021.

Nome e apelidos ou nome Sociedade ou Entidade	
Enderezo	
Localidade	Concello
DNI ou CIF	Teléfono e e-mail

Informado/a da convocatoria para a adxudicación de autorizacións a **escolas de surf e similares** nas praias do Concello de Valdoviño:

Solicito a actividade de escola para os meses de (obrigatorio os meses de xullo e agosto):

_____, o que suma o número de _____ meses.

Solicito a actividade da entidade para:

As praias do Concello de Valdoviño

Pantín Si Non

(Existen como número total de autorizacións 15 en todo o Concello de Valdoviño, limitándose no caso da praia de Pantín a 8 autorizacións)

Comprométome ao pagamento dun canon de ou 200 € por cada mes dos ofertados á Demarcación de Costas (meses de xuño a setembro), ou de 50 € por cada mes do resto do ano.

Comprométome formalmente á subscrición dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil e ao cumprimento das instrucións que en materia de seguridade dicten os corpos de Emerxencias, Salvamento ou a Policía Local.

Xúntase a seguinte documentación:

- Documentación sinalada no punto cuarto das bases de convocatoria.
- Memoria no que achega o plan de explotación e documentación acreditativa dos demais méritos.

Manifestando expresamente coñecer o contido dos pregos de condicións administrativas, tanto os xerais da Demarcación de Costas do Estado en Galicia como os particulares do Concello de Valdoviño, cumprir as obrigas que nos devanditos pregos se establecen e aboar os dereitos e taxas que poidan derivarse de resultar adxudicatario da licenza solicitada.

_____, ____ de febreiro de 2021

Asdo.
(no seu propio nome ou representando á Sociedade)